



COÑECENDO A ANTÍA YÁÑEZ

Paula Conde Robledo 2º ESO

Antía Yáñez é unha autora galega que naceu o 9 de agosto de 1991 en Burela. Estudou enxeñería de camiños, pero nunca chegou a exercer como tal.

Reside en Cecebre (Cambre), onde ten unha academia, e fai obradoiros literarios para rapaces e rapazas.



En 2018 gañou o premio Illa Nova con *Selleiras*, que conta a historia de dúas mulleres vítimas de violencia de xénero.

En 2020 entrou na directiva da AELG, a Asociación de escritores e escritoras en Lingua Galega.



No ano 2022 publicou *Non penses nun elefante rosa*, novela que foi traducida ao castelán e ao catalán.

E a súa última obra dirixida ao público adulto é *O clan das barbies*, que trata sobre os ventres de alugueiro.

